



TURISMO DE SANXENXO S.L.

Expediente 4/2019.

“SUBMINISTRO DUNHA CARPA CON INSTALACIÓN DE TARIMA, ENMOQUETADO, PLANCHADA DE ESCENARIO, ILUMINACIÓN E CLIMATIZACIÓN; DECORACIÓN DE NADAL; INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE SON; E CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE SEGURIDADE CON MOTIVO DE ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE NADAL 2019-2020 NO CONCELLO DE SANXENXO”.

ASUNTO: ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES C. PROPOSICIÓNS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

No Salón de Plenos do Concello de Sanxenxo, sendo as 13:00h. do 11 de novembro de 2019, reúnense os membros da mesa de contratación que se citan posteriormente, para proceder á valoración das propostas incluídas no Sobre C.

Os membros da mesa que asisten á sesión, de conformidade coas resolucións de presidencia de Turismo de Sanxenxo S.L. da datas 16 de outubro e 5 de novembro de 2019, son os seguintes:

- D. MARCOS GUIASOLA PADIN, Presidente substituto da mesa e vogal de Turismo de Sanxenxo, S.L.
- DNA. TERESA AMADO, funcionaria de intervención do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa, por delegación do Interventor Xeral da entidade e do Concello de Sanxenxo.
- D. JOSE MANUEL REY RIAL, funcionario xurídico do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa, en calidade de asistente xurídico.

Aberta a sesión pola presidencia, sendo a mesma de carácter público e non asistindo máis membros dos que se refire a presente acta, polos citados dase lectura ao informe técnico elaborado polo Comité de Expertos valorando os proxectos contidos nos sobres B e publicado no Perfil do Contratante en data anterior á celebración da devandita sesión.

No informe que asina o Comité de Expertos nomeado no Expediente 4/2019 outórgase a seguinte puntuación total as ofertas presentadas polos licitadores no Sobre B (o lote 2 non recibiu ningunha oferta).

Lote	Licitador	Puntos	
1	Aluguer de carpa tipo iglú e jaimas, instalación de tarima, enmoquetado, planchada de escenario, iluminación, e climatización	Irmafer, S.A.	50
3	Aluguer de decoración de nadal	Viveiros O Piñeiro, S.L.	65
		Barafunda, S.L.	40
4	Contratación de servizo seguridade	Gesatecnocom Canal Master de Energía, S.L.	39

Á continuación procédese á apertura dos SOBRES C, sendo as súas ofertas as que se indican a continuación:

Lote	Licitador	Prezo (sen IVE) (€)	IVE (€)	Total (€)
1	Irmafer, S.A.	28.500,00	6.555,00 ¹	35.055,00
3	Viveiros o Piñeiro, S.L.	18.515,00	3.888,15	22.403,15
	Barafunda, S.L.	13.957,85	2.931,15	16.889,00
4	Gesatecnocom Canal Master de Energía, S.L.	3.400,00	714,00	4.114,00

Erro na oferta económica presentada por Irmafer, S.A.

Na súa oferta económica, a sociedade Irmafer, S.A. realiza o cálculo dun IVE do 23%, en vez do 21%, tal e como se indica no Anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas. Posto que a prestación do servizo enténdese realizada en territorio español, resultan de aplicación os tipos impositivos españois, sen perxuízo de que atendendo a consideración deste contratista como operador intracomunitario, a operación de que se trate teña a consideración de exenta a efectos do IVE.

Compre sinalar que tal e como se sinala na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas: *"As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto neste prego, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións, e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha"*.

Atendendo o anterior, parece que a indicación do IVE dun 23% e o total da oferta presentada por Irmafer, S.A. trátase dun erro aritmético.

Oferta anormalmente baixa.

A Cláusula 13 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe esta contratación, sinala o seguinte:

"Para considerar que os licitadores presentan ofertas que poden ser calificadas como anormalmente baixas, aplicarase o previsto no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP) e seguirase o procedemento que se recolle no artigo 149 da LCSP".

Realizados os cálculos conforme o artigo 85.2 do Real Decreto 1098/2001, detéctase que no Lote 3, a oferta presentada pola sociedade Barafunda, S.L. é inferior en mais de 20 unidades porcentuais a oferta que presenta Viveros O Piñeiro, S.L.

De conformidade co artigo 149.3 da LCSP, corresponde que a Mesa de Contratación requira a sociedade Barafunda, S.L. para que no prazo de tres días hábiles xustifiquen plena e oportunamente a viabilidade da súa oferta.

Puntuación das ofertas económicas:

As proposicións son avaliadas de acordo coa fórmula que se indica na cláusula 8 apartado B.1 do Prego de Cláusulas Administrativas, que indica que o prezo ofertado polos licitadores, IVE excluído, valorarase cun máximo de 25 puntos segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Valoración} = \frac{25 \times \text{Oferta mais económica}}{\text{Oferta do licitador}}$$

Da aplicación da fórmula, resultan as seguintes puntuacións:

Lote	Licitador	Prezo (sen IVE)	Puntos
1	Irmafer, S.A.	28.500,00	25
4	Gesatecnocom Canal Master de Energía, S.L.	3.400,00 €	25

Puntuación total das ofertas:

Lote	Licitador	Puntos Sobre B	Puntos Sobre C	Total Puntos
1	Irmafer, S.A.	50	25	75
4	Gesatecnocom Canal Master de Energía, S.L.	39	25	64

Atendendo o indicado, a Mesa de Contratación aproba:

- i. Propoñer como adxudicatarios do lote 1 a empresa Irmafer, S.A. e do lote 2 a empresa Gesatecnocom Canal Master de Energía, S.L. por ser as ofertas que mellor satisfacen os intereses de Turismo de Sanxenxo, S.L. e requerirille a documentación contemplada na Clausula 17 do PCAP.**
- ii. Requerir a sociedade Barafunda, S.L. (lote 2) que formulou unha oferta anormalmente baixa, para que no prazo de tres días hábiles xustifique plena e oportunamente a viabilidade da súa oferta.**

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 13:30h., levántase a sesión da Mesa de Contratación, recolléndose o contido da mesma no presente acta, que emito eu, a secretaria, có visto e praxe do Sr. Presidente.



Romina Fernandez Pena.
Secretaria da Mesa de Contratación



Marcos Guisasola Padín.
Presidente da Mesa de Contratación